

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO C.E.P.
Dr. FLEMING

CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1º : Definición**
- Artigo 2º : Ámbito e Aplicación**

CAPÍTULO II. – FINS E ACTIVIDADES

- Artigo 3º : Fins e Actividades**
- Artigo 4º : Promoción da ANPA**

CAPÍTULO III. – DOS SOCIOS

- Artigo 5º : Condicións para ser Socio**
- Artigo 6º : Dereitos e Deberes dos Socios**
- Artigo 7º : Causas de baixa dos Asociados**

CAPÍTULO IV. – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- Artigo 8º : Órganos de Goberno**
- Artigo 9º : Asemblea Xeral de Socios**
- Artigo 10º: A Xunta Directiva**
- Artigo 11º: Funcións do Presidente**
- Artigo 12º: Funcións do Vicepresidente**
- Artigo 13º: Funcións do Secretario**
- Artigo 14º: Funcións do Tesoureiro**
- Artigo 15º: Funcións dos Vocais**

CAPÍTULO V. – DO RÉXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN

- Artigo 16º: Patrimonio e Contas**

CAPÍTULO VI. – DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

- Artigo 17º: Disolución**

CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Definición

A asociación de Nais e Pais de alumnos “FLEMING”, acollida ó disposto polas disposicións vixentes, é unha entidade con personalidade xurídica propia, que goza de plena capacidade para adquirir, posuír, gravar, alienar por título oneroso ou lucrativo, toda clase de ben, así como para realizar toda clase de actos e contratos para o cumprimento dos fins previstos nos presentes estatutos.

Artigo 2º. Ámbito e Aplicación

O ámbito da Asociación , local e o seu domicilio fíxase no Colexio Público Doutor Fleming, situado na R/ Ourense S/N de Vigo. As reunión de acordo coas disposición vixentes sobre regulación das Asociación de Nais e Pais de Alumnos celebraranse nos locais do CENTRO, en horas e lugar que non perturben as actividades docentes.

CAPÍTULO II. – FINS E ACTIVIDADES

Artigo 3º : Fins e Actividades

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos do C. P. Dr. Fleming, constitúese para asumir e cumprir as seguintes finalidades:

- a) Asistir ós pais ou titores en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos ou pupilos.
- b) Colaborar nas actividades educativas do Centro.
- c) Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do Centro.
- d) Asistir ós pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilitar a representación e a participación dos pais dos alumnos no Consello Escolar do Centro e en outros órganos colexiados, nos que se atope establecido ou se requira a presenza da Asociación.
- f) Orientar e estimular ós pais respecto das obrigas que lles incumben en relación coa educación dos seus fillo.
- g) Fomentar as relación de cooperación do Centro con outros centros escolares e os sectores sociais e culturais do Centro.
- h) Promover a efectiva igualdade de dereitos de tódolos seus alumnos, sen discriminación por razóns económicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- i) Requirir ós Poderes Públicos o cumprimento das leis, regulamentos e planes de actuación relativos ó educación e axuda que esta merece.
- j) Desenvolver programas de educación familiar, así como actividades formativas, culturais e estudos.
- k) Contribuír ó funcionamento dos diversos servicios do Centro.
- l) Promover relacións de colaboración de pais e profesores e as boas relacións entre ambos.

Artigo 4º : Promoción da ANPA

Para o mellor cumprimento do seu fins, a Asociación da Nais e Pais do C.P. Dr. Fleming, poderá, xuntamente con outras entidades similares promover unha federación local, comarcal, provincial ou autonómica de Asociacións de Pais, ou solicitar ingreso na federación que ó efecto estivera constituída ou no seu momento puidera constituírse en calquera dos ámbitos territoriais sinalados.

CAPÍTULO III. – DOS SOCIOS

Artigo 5º : Condicións para ser Socio

1. Serán socios as familias de alumnos matriculados no Centro, nas persoas do pai ou da nai ou do representante legal sempre que o soliciten expresamente.
2. Ámbolos dous conxugues terán voz e voto nas reunión da Asociación.

Artigo 6º : Dereitos e Deberes dos Socios

1. Serán dereitos dos asociados:
 - a. Elixir e ser elixible para tódalas funcións representativas da asociación.
 - b. Ter voz e voto na forma que especifica o artigo anterior.
 - c. Tomar parte en tódalas actividades da Asociación e utilizar os servicios que poidan establecerse en beneficio dos socios.
 - d. Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós órganos de goberno da Asociación.
 - e. Demandar e recibir da Xunta Directiva tanta información precisen sobre a xestión asociativa.
 - f. Beneficiarse das axudas que poidan dispensarlle a Asociación durante o período de escolaridade dos seus fillos.
2. Serán deberes dos socios:
 - a. Observar os Estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea, así como os tomados pola Xunta Directiva.
 - b. Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
 - c. Contribuír economicamente ó sostemento da Asociación na forma que se estableza pola Asemblea.
 - d. Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e á eficacia e execución dos mesmos.
 - e. Facilitar á Xunta Directiva cantos datos e informes estimen necesarios para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
 - f. Prestar á Asociación todo tipo de cooperación persoais, materiais ou de servicios.

Artigo 7º : Causas de baixa dos Asociados

Causarase baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos ou tutelados no Centro.
- c) Por falta inxustificada no pago das cotas.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por utilización da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma..
- f) Por decisión da Xunta Directiva, cando en dereito proceda, tras ter sido notificado o interesado, que poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

En todo caso, a decisión de expulsar definitivamente a un socio deberá ser referendada pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV. – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 8º : Órganos de Goberno

A Asociación estará rexida pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, coas función que se especifican seguidamente:

Artigo 9º : Asemblea Xeral de Socios

1. A Asemblea Xeral de Socios é o Órgano Soberano da Asociación. Reunirase, con carácter ordinario, dúas veces ó ano: unha, nos dous primeiros meses do curso escolar, para levar a cabo a aprobación do plan xeral de actividades e do orzamento xeral da Asociación; e outra, a finais de curso, para dar conta ós socios das actividades realizadas durante o exercicio e do balance de ingresos e gastos tidos neste período. Con carácter extraordinario, sempre que o soliciten por escrito, un tercio dos socios, ou o acordase a Xunta Directiva.
2. A Asemblea Xeral comprende ós socios e ós membros da Xunta Directiva.
3. Tódalas sesións serán convocadas polo presidente, con expresa indicación da orde do día establecida pola Xunta Directiva. As convocatorias deberán dirixirse ós asociados, con quince días de anticipación para as ordinarias e un mes para as extraordinarias.
4. A Asemblea Xeral da Asociación, tanto a ordinaria como a extraordinaria, quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran a ela presentes, ou por medio da debida autorización, representados, a maioría dos asociados, e en segunda, calquera que sexa o número dos concorrentes. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral en primeira convocatoria, terán que mediar ó menos, quince días, podendo asemade facer constar a data na que, se procedese, se reunirá a Asemblea Xeral,

en segunda convocatoria unha hora despois. No suposto que non se tivera previsto o anuncio da data da segunda convocatoria, terá que realizarse esta con oito días de antelación á data da reunión.

5. Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:
 - a. Aprobar o plan xeral de actuación da Asociación.
 - b. Censurar a xestión da Xunta Directiva.
 - c. Establecer a cota estatutaria.
 - d. Aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado das contas que elabore e presente a Xunta Directiva.

6. Serán función da Asemblea Xeral Extraordinaria as seguintes:
 - a. Elixir os socios que vaian ocupar cargo directivos.
 - b. Levar a cabo , cando proceda, a modificación dos presentes Estatutos.
 - c. Acordar, en caso xustifico, a disolución da Asociación.
 - d. Acordar igualmente a disposición ou alienación de bens.
 - e. Nomear administradores ou representantes.
 - f. Acordar a solicitude de Asociación de utilidade pública.
 - g. Acordar a constitución dunha federación de Asociacións de utilidade pública ou o integrarse nela, de existir.

7. Os acordos serán firmes, en primeira ou segunda convocatoria, cando voten a favor dos mesmos:
 - a. Na asemblea Xeral Ordinaria, a maioría simple dos asociados asistentes, presentes ou representados.
 - b. Na asemblea Xeral Extraordinaria, as dúas terceiras partes dos socios asistentes, presentes ou representados.

8. A Asemblea Xeral, por propia iniciativa, ou a proposta da Xunta Directiva, poderá acordar o nomeamento de membros do Comité de Honor a persoas que pola súa dedicación ó ensino, ás necesidades sociais ou as actividades culturais, gocen de determinado prestixio e promovan a mellora da calidade do ensino. Os membros do Comité de Honor teñen dereito a asistir con voz ás sesións conxuntas que dito comité celebre coa Xunta Directiva e ás Asembleas Xerais da Asociación.
Os membros do Comité de Honor non poderán ser elixidos membros da Xunta Directiva.

Artigo 10º: A Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva desta Asociación estará composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario, un Tesoureiro, un Vicetesoureiro e seis vocais.
2. A Xunta Directiva será elixida entre os asociados pola Asemblea Xeral Extraordinaria, e o seu mandato durará dous anos.

As vacantes que se produzan neste período serán cubertas pola Xunta Directiva.

Os vocais designados en tales circunstancias cesarán no seu cargos cando extinga o mandato regulamentario dos titulares a quen houberen de substituír.

3. A Xunta Directiva reunirse obrigatoriamente, cando menos, unha vez ó mes. Para a constitución válida da mesma, tanto en reunión ordinaria como extraordinaria, requirirase que fora convocada, por escrito, con expresión da data, lugar e orde do día, ou no seu defecto, por teléfono, con 72 horas de antelación e estean presentes, en primeira convocatoria, a metade máis un dos seus membros; ou en segunda, o Presidente, o Secretario, o Tesoureiro e un cuarto dos demais compoñentes da Xunta.

Á Xunta Directiva reuniráa preceptivamente o Presidente. h

Serán válidos os acordos da Xunta Directiva cando os seus membros a adopten por maioría simple.

4. Serán función da Xunta Directiva:
 - a. Velar polo cumprimento dos fins estatutarios.
 - b. Organizar os distintos servicios da Asociación.
 - c. Programar as súas actividades.
 - d. Administrar os fondos sociais.
 - e. Executar os acordos tomados en Asemblea Xeral.
 - f. Elixidos os membros que formen parte da Xunta Directiva, a distribución dos cargos que compoñen a mesma.
 - g. Regular o funcionamento interno da Xunta Directiva.

Artigo 11º: Funcións do Presidente

- a. Ostentar a representación legal da Asociación.
- b. Velar pola disciplina e orden da Entidade.
- c. Coordinar o funcionamento das vocalías ou servicios que se establezan.
- d. Cumprir e facer cumprir os acordos adoptados na Xunta Directiva ou na Asemblea Xeral.
- e. Convocar e presidir as sesións da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais.
- f. Autorizar coa súa sinatura, as actas, certificación e demais documentos oficiais da Asociación.
- g. Avaliar periodicamente o traballo realizado polos seus colaboradores.

Artigo 12º: Funcións do Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá ó presidente no caso de ausencia, enfermidade, ou incompatibilidade de este, e asumirá as súas funcións con carácter provisional, cando o titular cesase no seu cargo. Será tamén membro de pleno dereito da Xunta Directiva.

Artigo 13º: Funcións do Secretario

Corresponde ó Secretario:

- a. Levantar acta das sesión da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- b. Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- c. Levar e custodiar os libros oficiais e os rexistros e ficheiros da Asociación.
- d. Redactar a memoria anual de actividades.
- e. Citar a directivos e asociados ás reunións.
- f. Expedir certificacións.

Artigo 14º: Funcións do Tesoureiro

Corresponde ó Tesoureiro:

- a. Efectuar a recadación das cotas.
- b. Elaborar os orzamentos, balances e inventarios da Asociación, para a súa aprobación pola Xunta Directiva.
- c. Verificar as anotación e rexistros contables imprescindible, para coñecer, en calquera momento, a situación económica da Asociación.
- d. Realizar os pagos ordenados polo Presidente, previa aprobación da Xunta Directiva.
- e. Custodiar os fondos e bens da Asociación, así como os documentos e os xustificantes de ingresos e gastos efectuados.

Artigo 15º: Funcións dos Vocais

Ademais das súas funcións ordinarias, os vocais poderán recibir por acordo da Xunta Directiva o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo, ou a execución de encargos, comisións, representación e outras tarefas que a Xunta Directiva lles encomendase.

CAPÍTULO V. – DO RÉXIME ECONÓMICO DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º: Patrimonio e Contas

1. A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A Asociación non ten fin de lucro.
2. A autorización dos gastos que teñan que realizarse na Asociación correspóndelle a Xunta Directiva, sempre que estean incluídos nos orzamentos ou plans económicos aprobados en Asemblea Xeral Ordinaria.
3. A ordenación de pagos corresponde ó Presidente e serán efectuados polo Tesoureiro, quen se non os considera lexítimos, poderá suspendelos ata que a Xunta Directiva, resolva tal e como procede a dereito.

4. A administración do patrimonio correspondente á Xunta Directiva. Os recursos económicos consistentes nas rendas do patrimonio, as cotas dos socios, as subvencións, legados e doazóns que poidan legalmente aceptarse, ben que procedan de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que acorden concedelas.
5. O importe das cotas dos asociados será dunha contía mínima que determinará, a proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral por ser a súa competencia. Non obstante, os socios poderán determinar a súa propia cota, sempre que o seu importe sexa superior ó mínimo establecido.
6. O orzamento anual non excederá do total recadado das cotas dos asociados.
7. A Asociación, a través da súa Xunta Directiva, poderá conceder ou solicitar subvención e préstamos con destino á realización dos seus fins estatutarios.

CAPÍTULO VI. – DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 17º. Disolución.

A Asociación constitúese cun prazo de duración indefinido.

A asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinario para este fin, poderá acordar a disolución da Asociación.

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, que se encargará da liquidación do patrimonio social, destinando o seu importe a aquela entidade sen fin de lucro, dedicada á realización de fins educativos cun espírito similar ó que anima á Asociación que sinale a Asemblea Xeral Extraordinaria.

O Presidente

O Secretario

Inscritos no rexistro da Sección de Asociacións e Dereitos Cidadáns do Goberno Civil de Pontevedra o día 10 de marzo de 1988. O presente documento é unha tradución dos Estatutos orixinais que no seu día foron escritos en castelán.

Modificados na Asemblea Xeral celebrada o día 25 de outubro de 1985. Visados no rexistro do Goberno Civil de Pontevedra (Rexistro de entrada nº 6778) o 7 de marzo de 1988.